

A implantación do código sepsis e o posterior seguimento do programa fai necesario constituír un equipo código sepsis en cada centro hospitalario que require da implicación e apoio da Dirección para garantir o desenvolvemento e mantemento das súas actividades.

Recoméndase que o equipo código sepsis teña un carácter multidisciplinario e aberto e estea composto por, polo menos, un médico intensivista, un anestesista, un médico do Servizo de Urxencias, un internista con experiencia en enfermidades infecciosas e un profesional de enfermería de Urxencias, aínda que esta composición se podería beneficiar da incorporación doutros profesionais (microbiólogos, farmacéuticos, etc.) e deberase adaptar ás particularidades de cada centro hospitalario.

Así mesmo, é conveniente a existencia da figura dun coordinador dentro do equipo que impulse o seu funcionamento e contribúa á organización das actividades de implantación e seguimento, así como á difusión da información á Comisión de Infeccións e Política de Antibióticos do centro hospitalario (da que deberá formar parte) e á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.


As funcións do equipo código sepsis serán as seguintes:

- Implantar o código sepsis tendo en conta as particularidades dos dispositivos asistenciais que integran a área sanitaria.
- Difundir o código sepsis entre a profesionais da área sanitaria.
- Colaborar no deseño de contidos, docencia e difusión das actividades formativas promovidas desde a Dirección xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- Valorar a necesidade de realizar sesións clínicas e actividades docentes periódicas sobre manexo e detección do paciente con sepsis en determinados servizos tanto de atención hospitalaria como de atención primaria.
- Garantir que se cobre correctamente o rexistro do código sepsis.
- Monitorar os indicadores establecidos no protocolo.
- Trasladar os resultados obtidos na avaliación do seguimento do protocolo á Dirección do centro, así como á Dirección xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- Detectar áreas de mellora e propor as medidas correctoras oportunas en relación co funcionamento e cumprimento do protocolo.

Para levar a cabo as súas funcións, recoméndase que o equipo código sepsis estableza reunións con carácter mensual durante a fase de implantación, co obxectivo de garantir a súa consecución. Posteriormente, recoméndase a realización de reunións trimestrais para valorar o seguimento do protocolo, propor áreas de mellora para o seu correcto desenvolvemento, analizar o cumprimento dos indicadores, revisar o programa formativo e valorar a necesidade de realizar novas actividades para o mantemento do programa.

Os profesionais integrantes do equipo código sepsis e o coordinador do mesmo serán designados pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

ANEXOS

Indicadores 

ÍNDICE

Inicio

Introdución

Definicións

O código sepsis

Plan de actuación

Rexistro

Algoritmos

Anexos

Bibliografía